



SINDICATO DE  
TRABAJADORES DE LA  
ADMINISTRACIÓN DE  
JUSTICIA

SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTICIA

JULIÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, en calidade de Delegado Sindical do **Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAJ)**, enderezo a efectos de notificacións no Edificio Antigo de Xulgados - R/ Lalín, nº 4 - Semisoto - 36209 VIGO, expón:

Polo persoal de seguridade do edificio antigo dos xulgados de Rúa Lalín, 4 de Vigo, comunicóusenos que tanto o arco de seguridade como o escáner co que se fai a inspección de pertenzas e bolsas, bolsos, caixas, mochilas, etc. de todos os usuarios do edificio atópase avariado desde hai máis de catro meses.

Xa no seu día deuse o oportuno aviso e polo persoal técnico de mantemento do devandito equipo informouse que se trataba dunha avaría no xerador que sería necesario substituír. Somos conoedores de que este diagnóstico foi trasladado ao organismo correspondente para a realización das tarefas de reparación e posta en funcionamento novamente do equipo. Actualmente estáse a espera da recepción dun adaptador de tensión que, según manifestaciones del técnico, es absolutamente necesario para evitar as subidas bruscas de tensión que producirían a ruína da placa do arco de seguridade que polo seu valor económico non aconsella o risco de destrución.

É decir que levamos máis de catro meses nun edificio xudicial sin seguridade na entrada por "un risco económico", incomprendible e inaceptable. Como se pode imaxinar este material é unha ferramenta fundamental na vixilancia dos edificios xudiciais, sen a que non se pode ofrecer unha mínima seguridade aos funcionarios e usuarios. Resulta sorprendente que a Administración, sendo coñecedor do devandito problema non acelere as operacións de reparación e despois de catro meses o problema persista. Reiteramos neste momento a necesidade que se tome en serio a seguridade nos edificios xudiciais e non se escatime en gastos destinados ao devandito fin. A seguridade debe ser unha prioridade pero con abandonos como o que agora poñemos de manifesto non parece que así o entenda a Xunta de Galicia.

Por todo o anterior solicito que pola Dirección Xeral de Xustiza tómense de maneira inmediata as medidas necesarias para a reparación e posta en funcionamento do escáner e o arco de seguridade situado na entrada do edificio antigo dos xulgados de Vigo e en caso de non ser posible substitúase por un totalmente novo que opere a pleno rendemento.

En Vigo a 07 de abril de 2021

**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**  
Rúa Madrid, 2-4, 2º piso - Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela.-